



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2019 / 2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE VIRXE DO CAMIÑO - 32011901

ETAPA: PRIMARIA

CURSO: 4º - 5º - 6º (GRUPO MIXTO)

MATERIA: EDUCACIÓN FÍSICA

DOCENTE: MIGUEL CABARCOS ROUCO

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP PLURILINGÜE VIRXE DO CAMIÑO

Terra de Souto, s/n
32310 Rubiá (Ourense)

ceip.virxedocamino@edu.xunta.gal

Tel. 988324205

ÍNDICE	PÁXINA
1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPENTECIAS IMPRESCINDIBLES.	3
2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.	4
3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE	4
4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE	5



1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

CRITERIO DE AVALIACIÓN	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE
B2.1. Valorar, aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais, mostrando unha actitude reflexiva e crítica.	EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase. Competencias clave: CSC-CAA.
B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.	EFB1.3.1. Ten interese por mellorar a competencia motriz. Competencias clave: CSC- CAA
B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo- temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas as condicións establecidas de forma eficaz.	EFB3.1.2. Realiza a habilidade motriz básica de salto intentando manter o equilibrio postural. EFB3.1.4. Aplica as habilidades motrices de xiro intentando manter o equilibrio postural. Competencias clave: CSC- CAA- CSIEE –CCEE.
B4.2. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras areas coa practica de actividades artístico- expresivas.	EFB4.2.1. Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nas actividades expresivas. Competencias clave: CMCCT –CSC -CAA
B5.2. Mellorar o nivel das súas capacidades físicas tendo en conta as súas posibilidades e a súa relación coa saúde.	EFB5.2.2. Relaciona a frecuencia cardíaca e respiratoria, con distintas intensidades de esforzo. Competencias clave: CMCCT –CSC -CAA
B6.3. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras areas coa practica de actividades físico- deportivas.	EFB6.3.2. Reconece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices.



2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

AVALIACIÓN	<p><i>Procedementos de avaliación: A avaliación que se vai desenvolver é fundamentalmente a través da análise do seu traballo diario e esforzo nas tarefas e retos semanais propostos na aula virtual do centro.</i></p> <p><i>Instrumentos de avaliación: Mediante a observación diaria do seu traballo. Utilizarei os vídeos que me manden cos retos semanais superados para valorar a súa actividade e o seu traballo en dita materia.</i></p>
CUALIFICACIÓN FINAL:	<p><i>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</i></p> <p>O procedemento para obter a cualificación final do curso será mediante a realización da media aritmética da 1ª e 2ª avaliación. Ademais, terase en conta de forma positiva o traballo e esforzo do alumnado na 3ª avaliación á hora de poñer a nota final.</p>

1. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

ACTIVIDADES	As actividades deste trimestre irán enfocadas a traballar e afianzar habilidades motrices básicas e xenéricas. Mellorando a consolidación do esquema corporal, os contidos artístico-expresivos e as capacidades perceptivo-motrices.
METODOLOXÍA (<i>alumnado con conectividade e alumnado sen conectividade</i>)	A metodoloxía será: flexible, constructiva, significativa, activa, lúdica, participativa e integradora. Baseada no proceso por encima do resultado. Buscarase que os alumnos e alumnas estean motivados . Ademais, traballarase a transferencia entre aprendizaxes coñecidos e novos, a través do aprendizaxe significativo.
MATERIAIS E RECURSOS	O recurso metodolóxico a utilizar será o xogo, xa que é a forma máis divertida e pracenteira de aprender as habilidades motrices programadas sen darse conta. Os xogos consistirán, entre outros, en superar diferentes retos semanais propostos polo mestre de E.F. na aula virtual. Os nenos e nenas teñen que gravarse e mandar ao correo do centro os vídeos superando os diferentes retos motrices.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP PLURILINGÜE VIRXE DO CAMIÑO

Terra de Souto, s/n
32310 Rubiá (Ourense)

ceip.virxedocamino@edu.xunta.gal

Tel. 988324205

1. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS	<i>Á hora de informar ao alumnado e ás familias utilizarei como recursos o EspazoAbalar, o Chat da Aula Virtual do centro, o correo gmail do centro e o teléfono móbil.</i>
PUBLICIDADE	<i>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</i> https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvirxedocamino/